

A INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA NO CURSO ACADÉMICO 2006-2007

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ten a misión fundamental de contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), servindo de soporte constante de recollida e canalización de información entre as universidades galegas, outras institucións e axentes sociais, de modo que contribúe a que o SUG se manteña permanentemente actualizado e adaptado ás necesidades sociais cambiantes.

ACSUG é membro
de pleno dereito de




ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA

AVANCE DE RESULTADOS:

Desde a creación da ACSUG, unha das súas primeiras actividades foi a realización de estudos de inserción laboral dos titulados do SUG, creando un proxecto xeral de seguimento da súa situación laboral. Actualmente ten realizados os seguintes estudos de inserción laboral dos titulados: Proxecto de inserción laboral dos titulados polo Sistema Universitario de Galicia 1996-2001, Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2001-2003, Acceso ao mercado laboral: un estudo por titulacións 1996-2003, Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2003-2005 e Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006.

O obxectivo principal destes estudos é coñecer a realidade laboral dos titulados no SUG, así como obter unha visión retrospectiva do seu paso pola universidade.

Entre os factores estudados relacionados co mundo laboral figuran: o grao de inserción laboral, as vías de búsqueda de emprego, os factores máis demandados na contratación, o tempo de acceso ao mercado laboral, o tipo de contrato e as competencias máis requiridas no posto de traballo entre outros. Estes factores estúdanse para o global dos titulados no SUG, e deságréganse por ramas de coñecemento.



TIPO DE CONTRATACIÓN

O 38,62 dos titulados no SUG ten un contrato indefinido

Figura 1: Tipo de contratación. Conta propia: dados de alta, non dados de alta. Conta allea: con contrato, sen contrato.

TEMPO EN ATOPAR O PRIMEIRO EMPREGO

Máis da metade dos titulados no SUG atopan emprego antes dos 3 meses




Figura 2: Tempo medio(en meses), en atopar emprego

TRABALLA, ESTUDA, OPOSITA

- Traballan un 66,11% dos titulados.
 - > 3,37 % en sectores non relacionados co seu título.
 - > 91,25% por conta allea.
- Estudan un 33,73%.
- Preparan oposicións un 29,50%.




Figura 3: Traballa, estuda, prepara oposicións.

SALARIO MENSUAL

O 62,63% dos titulados no SUG ten un salario mensual superior aos 1000 euros.




Figura 4: Salario medio mensual

Salario mensual (en €) dos titulados no SUG	%2006-2007
Menos de 500 €	5,46%
Entre 500 e 1000 €	31,91%
Entre 1000 e 1500 €	40,81%
Entre 1500 e 2000 €	17,70%
Máis de 2000 €	4,12%

AS 5 COMPETENCIAS MÁIS REQUIRIDAS NO TRABALLO:

1. Capacidade para a aprendizaxe.
2. Motivación.
3. Capacidade para resolver problemas.
4. Capacidade de comunicación oral/escrita.
5. Adaptabilidade.

FICHA TÉCNICA:

Poboación:

titulados no SUG no curso académico 2006-2007

Mostra:

4569 individuos

Mostraxe:

estratificado, por título e campus


Erro máximo absoluto:

10% en cada estrato

Traballo de campo:

enquisa telefónica dende o 25 maio ata o 16 de xuño

Publicacións



ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA

Rúa Lamas de Abade, s/n - CIFP Compostela 5ª planta - 15702 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 534173 – Fax: 981 534174 - E-mail: acsug@acsug.es - Páxina Web: www.acsug.es

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o título do mesmo e á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia como editora.



A ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA e ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR o 13/03/2009 segundo as Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2008.